

CICLO MEDIO DE ACTIVIDADES COMERCIAIS (PRESENCIAL)

O CPR. Nebrija Torre de Hércules é un centro homologado e concertado coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, que formou profesionais na cidade de A Coruña dende o ano 1945.

O Ciclo Medio de Técnico en Actividades Comerciais é **totalmente gratuito, sen matrícula nin cotas mensuais**. Para cursalo debe cumprir algún dos seguintes **REQUISITOS DE ACCESO**:

Posuír o título da ESO, ESA, FP Básica, proba de Acceso a Ciclo Medio, título de técnico, título de Bacharelato, título de Técnico superior ou de Técnico especialista, Título universitario, proba de acceso á Universidade ou 2º BUP con ata dous módulos suspensos.

O Ciclo Medio de Actividades Comerciais ten unha **DURACIÓN** de dous cursos académicos de setembro a xuño.

O **PRIMEIRO CURSO** realízase no centro escolar en horario de mañá (de 8:30 a 15 h.) e unha tarde á semana (3 sesións de 50 minutos). Os módulos do primeiro curso son os seguintes:

MP0156. Inglés.
MP1226. Marketing na actividade comercial.
MP1233. Aplicacións informáticas para o comercio.
MP1231. Dinamización do punto de venda.
MP1229. Xestión de compras.
MP1232. Procesos de venda.
MP1236. Formación e orientación laboral.

O **SEGUNDO CURSO**, tamén en horario de mañá e unha tarde (3 sesións), está organizado en dous trimestres académicos no centro educativo e no caso de ter superado todos os módulos, no último trimestre realizaranse as prácticas en empresas coas que temos asinado convenio, que son entre outras Inditex, Cortefiel, El Corte Inglés, Women Secret, Repsol.... Os módulos do segundo curso son os seguintes:

MP1234. Servizos de atención comercial.
MP1230. Venda técnica.
MP1228. Técnicas de almacén.
MP1227. Xestión dun pequeno comercio.
MP1235. Comercio electrónico.
MP1237. Formación en centros de traballo. (3º trimestre abril-xuño)

O período de **RESERVA DE PRAZA** iníciase a mediados do mes de xuño e dura aproximadamente 15 días. **SE DESEXA QUE O AVISEMOS** cando comece o período de reserva, envíenos un correo indicando o seu nome, apelidos e medio de contacto polo que desexa ser avisado (**correo electrónico ou teléfono**).

Máis información no teléfono 981 259 006

web: www.cprnebrija.es

Correo electrónico: cpr.nebrija@edu.xunta.gal